

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día dezanove de febreiro de dous mil dezaseis, reúnen os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Dario A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena; don Pablo Rivera Capón e don José Manuel García Aldegunde.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse a seguinte

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de data 15-01-2016.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafada, non producíndose ningunha a acta é aprobada por unanimidade.

2.-Comunicacións previas obras menores.

2.1.- Solicitud de licenza de don Ignacio Barranco Fernández para retellado dunha vivenda unifamiliar no lugar de Abelainza-Carracedo-Láncara.

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Refª.0160218.2

Expediente de comunicación previa de inicio das obras menores para o retellado dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Abelainza, parroquia de Carracedo a instancia de don Ignacio Barranco Fernández.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colegiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º.-Que a edificación sobre a cal se pretende intervir atopase en terreos clasificados como solo de núcleo rural na área de circunscrición do núcleo rural de Carracedo e Trascastro (plano de delimitación O-07) e dentro do entorno de protección do xacemento arqueolóxico A Croa (1-21) incluído no catálogo de bens protexidos, segundo establece o pxom vixente

2º.-Que o artigo 45.4 apartado 1 das normas subsidiarias do PXOM vixente establece como permitidas as obras de conservación, restauración e rehabilitación das edificacións existentes, sempre e cando non supoñan variación das características esenciais do edificado, nin alteración do lugar, volume e tipoloxía tradicional. A intervención que se pretende deberá ciguirse a substitución da lousa, sin que supoña aumento de volumen, modificación das condicións existentes, nin afectar a estrutura do edificado debendo consistir en obras de escasa entidade utilizando técnicas construtivas sinxelas.

E polo que informo FAVORABLE coas obrigas anteditas.

Base imponible para a liquidación do ICIO segundo a ordenanza municipal reguladora do custo da execución de obras menores 2014

Cuberta ICIO

42.- m² Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa: 45,75 m² 40,00€/ m²
1.830,00 €”.

Logo de ler a autorización da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que resolve autorizar o solicitado.

Tendo en conta que segundo informa a Comisaría de Augas da CHMS o vertido de augas residuais procedente da fosa séptica necesita preceptiva autorización administrativa previa consonte o disposto no artigo 245 e seguintes do RD 849/1986

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Tomar razón da verificación do cumprimento da normativa urbanística e técnica de aplicación, co deber de cumprir as condicións impostas no informe técnico antes transcrito, as condicións impostas pola Comisaría de Augas e a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e en particular *que a intervención que se pretende deberá ceguirse a substitución da lousa, sin que supoña aumento de volume, modificación das condicións existentes, nin afectar a estrutura do edificado debendo consistir en obras de escasa entidade utilizando técnicas construtivas sinxelas.*

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **56,73 euros**.

3.- Escritos varios.

3.1.- Escrito de D. José Manuel Rodríguez Amado, solicitando certificación de que as parcelas nº 1679 e 2786 do polígono 12, corresponden ao monte veciñal de Toirán e non ao Concello.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Iniciar expediente de información previa tendente a averiguar o título polo que se atribúe a titularidade do monte comunal, interesando nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Sarria.

3.2.- Escrito de Promociones Valdriz, S.A., solicitando troco de contador de auga potable (sección 32 mm) para Avda. Benigno Quiroga, 89 Pobra de San Xiao

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Acceder ó solicitado dando conta o traballador encargado do servizo de augas.

3.3.- Escrito da Tesourería Xeral da Xeguridade Social sobre servizo de “cesión de datos”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Cursar a autorización para a cesión de datos que ofrece a TGSS, R001 “Informe de estar ó corrente de obrigas coa Seguridade Social” e A009 “Informe de debedores tributarios”, designando como funcionario autorizado para a solicitude da información á secretaria interventora do Concello.

3.4.- Escrito de Don Juan Carlos López Díaz, sobre reposición dun contedor de lixo preto da miña vivenda en San Xoan de Muro.

Visto o iformado polo funcionario encargado do padrón da taxa pola recollida do lixo e que resulta do seguinte teor literal:

“GERARDO SOBRADO VENTOSINOS, ENCARGADO DEL PADRÓN DE RECIBOS DE RECOGIDA DE BASURA de este Ayuntamiento de Láncara y en relación al acuerdo adoptado por la Xunta de Gobierno Local, sobre un “tal José Manuel” en la localidad de Muro, tengo a bien emitir el siguiente

INFORME, que entiendo que ese tal “José Manuel”, por los datos que se me suministran, se trata de JOSE MANUEL GONZALVES NOVO, con dirección en el Campo de la Feria, nº 15 de la parroquia de Puebla de San Julián, que paga el correspondiente recibo de recogida de basura y está dado de alta en el servicio desde el día 30 de diciembre de 2000. A tal efecto adjunto copia del recibo del 4º trimestre del año 2015 y pantallazo de mantenimiento de contadores en el que figura como dado de alta desde el 30 de diciembre de 2000”.

A Xunta de Gobierno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Ordear a don José Manuel Gonzalves Novo que de xeito inmediato repoña o contenedor do lixo no lugar habilitado ó efecto polo Concello con advertencia de que de non cumprir o ordeado disporase a súa execución forzosa coa imposición de multas coercitivas, na contía que se determine en función das circunstancias concurrentes.

3.5.-Escrito de Don Julio Rey López, sobre o mal estado da pista de acceso a Casal de Vito dende o lugar de Outeiro en San Xoan de Muro.

A Xunta de Gobierno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Tomar coñecemento do contido do escrito presentado polo señor Rey, oficiando ós servizos técnicos municipais para que fagan visita de comprobación ós efectos de valorar as intervencións que sexan necesarias para repoñer o camiño a estado óptimo de uso.

3.6.- Escrito da Deputación de Lugo, sobre convenio de colaboración co Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para a posta en marcha do proxecto sobre optimización da xestión de residuos nos concello da provincia de Lugo.

A Xunta de Gobierno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adherirse ó Proxecto sobre optimización da xestión de residuos nos concello da provincia de Lugo promovido pola Deputación Provincial de Lugo.

3.7.- O de Concepción López Alvarez, solicitando o paso de consumo de auga de uso doméstico a uso agrícola-gandeiro.

O artigo 6 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais *“Dentro dos usos non domésticos, os usos agrarios, gandeiros e forestais son os correspondentes ás actividades clasificadas na sección A, divisións 01 e 02, da Clasificación nacional de actividades económicas, aprobada polo Real decreto 475/2007, de 13 de abril.*

Salvo proba en contrario, os usos agrarios, gandeiros e forestais ós que se refire o parágrafo anterior serán os efectuados polos suxeitos pasivos que realicen ditas actividades e figuren inscritos no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia”.

O artigo 10 do citado decreto establece os supostos de non suxeición e exencións, incluíndo *“Os usos agrícolas, forestais e gandeiros, sempre que non exista unha contaminación de carácter especial en natureza ou cantidade por fertilizantes, pesticidas ou materia orgánica, comprobado polos servizos de inspección da administración competente. En todo caso, entenderase que se produce afección ó medio e, polo tanto, estarán suxeitos os usos agrícolas, forestais e gandeiros, cando se efectúen vertidos ás redes públicas de sumidoiro”.*

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir a dona Concepción López Álvarez que achegue a inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia

3.8.- O de don Julio Fole Díaz, solicitando certificación do correcto trazado do camiño que figura na parcela 1150 do polígono 12.

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Refª 0160218.1

Segundo o escrito presentado por D. Julio Fole Díaz, con D.N.I.: 76.578.054-Z e domicilio en Asteire, nº 4 parroquia de Toirán, concello de Láncara, registrado con nº de entrada 53 do 21/01/2016.

Asunto: Solicita un certificado, para presentar nas oficinas territoriais do Catastro, establecendo o correcto trazado do camiño.

Adxunta:

Copia do plano de ordenación municipal indicando o trazado do camiño.

Copia do plano de catastro indicando o camiño.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colegiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º.- Que os terreos onde se sitúa o camiño descrito por D. Julio Fole Díaz non son de titularidade municipal. Observamos que o devandito camiño pertence a mancomunidade do monte, polo que é un camiño veciñal que da acceso a varias parcelas.

2º.- Que por lo tanto, non é labor desta administración manifestarse sobre o correcto trazado deste camiño”

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dar traslado do informe técnico municipal acreditativo da natureza non demanial do camiño grafitado no plano descrito.

3.9. O de don José Manuel López Pallares, no que solicita prórroga da licenza outorgada por acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 26 de decembro de 2012, notificada con data 7 de marzo de 2013, para a construción dunha nave para aloxamento de vacún en estensivo e almacén agrícola en Lán cara, nº 7.

Segundo establece a Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, no artigo 197, respecto á caducidade de licenzas, poderase conceder prórroga dos prazos de licenza por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Visto que de conformidade coas previsións do artigo 18.2 derradeira liña, do decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, a declaración de caducidade dunha licenza urbanística esixe forma expresa, e a tramitación de expediente contradictorio; resolución que non se ten adoptado, como tampouco se tramitou o correspondente expediente.

Así as cousas, faise preciso concluír que a licenza para a que se solicita prórroga non se pode entender caducada.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prorrogar polo prazo de tres anos, que se contarán dende o día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, nas mesmas condicións que se estableceron no acordo de concesión, a vixencia da licenza urbanística concedida a don José Manuel López Pallares con data 26/12/201 para a execución das obras: Construción dunha nave para alozamento de vacún en estensivo e almacén agrícola en Lán cara, nº 7.

4.-Contratos menores.

4.1.- Contrato menor de subministración do módulo de atrasos e liquidacións complementarias do programa “wintask nómina”

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do módulo de referencia.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2011), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adquirir o módulo de atrasos e liquidacións complementarias do programa “Wintask nómina” a Wurth S.L, no prezo de 400 euros IVE incluído.

5.- Subvencións Xunta de Galicia.

Vista a resolución de 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2011), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Acollerse á convocatoria das axudas convocada por AGADER.

6.- Aprobación da conta xustificativa de subvencións da Deputación ao abeiro do convenio de data 03-06-2015.

Vista a relación de gastos correspondentes ao convenio de colaboración excepcional entre a Excmá Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara para levar a cabo os proxectos denominados “Inscripción premiados Premio Ramón Piñeiro e sinalización da Ponte Romana de Carracedo”, co seguinte desglose:

Setramur S.L., 375,58 €

Marmoles Vilaro, CB, 1.754,50 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da actividade subvencionada

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida pola Deputación de Lugo	2.023,58 €
Subvención doutras administración	0 €
Outras fontes de financiamento	0 €
Fondos propios	106,50 €
SUMA (custo total)	2.130,08 €

Segundo.-Declarar que o proxecto subvencionado foi realizado na súa totalidade de acordo coa memoria explicativa con cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención.

7.- Comunicación de deficiencias na obra “Rúa Valdriz en Pobra de San Xiao” a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

Por mor das choivas ocorridas durante todo o mes de febrero, resultan evidentes as deficiencias existentes na rede de sumidoiros e recollida de pluviais da Rúa Valdriz do núcleo da Pobra de San Xiao do Concello de Láncara.

Esta rúa foi obxecto de intervencións de obras de mellora no ano 2015 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, administración titular da vía.

Os veciños están a padecer as consecuencias das acumulacións de auga co risco que supón para a circulación de vehículos e persoas

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, titular da vía Rúa Valdriz do núcleo da Pobra de San Xiao do Concello de Láncara, dando conta das molestias que están a padecer os veciños de A Pobra de San Xiao por mor da acumulación de auga no pavimento da citada vía, solicitando que se emenden as deficiencias derivadas das obras realizadas. Achéganse fotografías acreditativas das balsas de auga acumulada.

8.-Devolución de avais.

No expediente de solicitude formulada por Diurbagal Galicia, SL na que interesa a devolución das garantías constituídas para a execución da obra “Recuperación de paseo histórico a Ponte de Puebla de San Julián a Escoureda: construción de pasarela sobre o río Neira e recuperación de xardíns do clube fluvial”.

Por acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 18/12/2015 acordouse requirir informe do técnico director de obra, don Miguel Pose Fuentes sobre a procedencia ou non de devolución das garantías constituídas para a execución da obra “Recuperación de paseo histórico a Ponte de Puebla de San Julián a Escoureda: construción de pasarela sobre o río Neira e recuperación de xardíns do clube fluvial” executada por Diurbagal Galicia, SL.

Con data 18/01/2016 o arquitecto colexiado don Miguel Pose Fuentes achega por correo electrónico informe favorable á devolución das garantías constituídas.

Na documentación que consta no expediente consta requirimento feito polo pleno do Concello con data 30 de xullo de 2015 para que o director das obras informe dos traballos realizados no ano 2011 por Diurbagal Galicia, SL logo dunhas riadas, e por correo electrónico o señor Pose Fuentes informa de responsabilidades da contrata en execución das obras por deficiencias de anclaxe.

Considerando ambos informes contraditorios

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir informe aclaratorio do técnico director de obra, don Miguel Pose Fuentes sobre a procedencia ou non de devolución das garantías constituídas para a execución da obra “Recuperación de paseo histórico a Ponte de Puebla de San Julián a Escoureda: Construción de pasarela sobre o río Neira e recuperación de xardíns do clube fluvial” executada por Diurbagal Galicia, SL.

9.-Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.

9.1.- Mapfre, fac. nº 1, póliza febreiro, 651,42 €

9.2.- Intermax Technology SL, fac. nº 1744, internet escolas, febreiro, 196,02 €

9.3.- Limpregal SL, fac. nº 1134, recollida lixo febreiro, 4.884,92 €.

9.4.-Jfhidromecánica, SL, fac. nº 4, mantemento bimensual depuradoras auga potable, 797,39 €.

9.5.- Limpergal SL, fac. nº 43589, limpeza dependencias municipais, mes de xaneiro, 845,43 €

9.6.- Airis Technology Solutions SL, fac. nº 378, arrendamentos febreiro, 333,96 €.

9.7.- Siemens, fac. nº 93636667, cota aluguer, período 28-02-2016 a 20-03-2016, 362,92 €

9.8.- Sogama, SA, fac. nº 0140, tratamento residuos urbanos mes de xaneiro, 6.056,68 €.

9.9.- Sociedad Estatal Correos y Telégrafos SA, fac. nº 4001722266, correspondencia mes de xaneiro, 51,06 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

10.- Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.

10.1.- La Voz de Galicia, SA, fac. nº 359, patrocinio VIII porco celta, 726,00 €

10.2.- Crescon 2000 SLU, fac. nº 34, limpeza canalóns e reparación tellado, 463,18 €.

10.3.- Walter Vázquez Doval, fac. nº 3, rampas en chapa e pasamans, 952,27 €

10.4.- Enigma Organización de Eventos, SL, fac. nº 016, festa entroido, 1833,15 €

10.5.- Jfidromecánic, SL, fac. nº 5, materiais xaneiro, 51,95 €

10.6.- Marmoles Vilaro, CB, fac. nº A/4, pezas de granito e metacrilato premio "Facer Pais", 1754,50 €

10.7.- Talleres Quinte, fac. nº 33, traballos no vehículo matrícula C-3640-AT, 613,75 €

10.8.- Corchao Oil, SL, fac. nº 16 688, gasoil Polifuncional, 305,97 €.

10.9.- Corchao Oil, SL, fac. nº 16 686, gasoil oficinas, 470,00 €

10.10.- Corchao Oil, SL, fac. nº 16.687, gasoil antigo centro médico, 158,86 €

10.11.- Lousao, SL (Renault), fac. nº 1 I6000056, traballos no vehículo matrícula LU 6377-M, 292,72 €.

10.12.- Moleskine, SL, fac. nº 78, diverso material para as oficinas, 348,70 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

11.- Asuntos de urxencia.

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, extendéndose a presente acta que como Secretaria, certifico.